

PROGRAMACIÓN
4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2021-2022
CEIP DE CURTIS

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN.**
- 2. OBXECTIVOS.**
- 3. COMPETENCIAS CLAVE**
- 4. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS**
- 5. TEMPORALIZACIÓN.**
- 6. METODOLOXÍA.**
- 7. ACTIVIDADES**
- 8. RECURSOS**
- 9. PROGRAMAS EDUCATIVOS**
- 10. PLAN DE CONVIVENCIA**
- 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 12. AVALIACIÓN**

1. INTRODUCCIÓN

A programación que a continuación presentamos traballarase no presente curso 2021-2022 no cuarto curso de Educación Primaria no CEIP de Curtis.

Durante este curso, ao igual que no resto da educación primaria facilitaráselles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de prepararlos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obligatoria.

A acción educativa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse os seus ritmos de traballo.

Neste curso trataremos, ademais, de continuar adecuándonos á nova normalidade provocada pola Covid-19, integrando as rutinas establecidas polas autoridades sanitarias e incrementarase progresivamente a ensinanza usando medios telemáticos en previsión de posibles situacións de confinamento, e co obxectivo de que estas afecten o menos posible o desenvolvemento académico do alumnado.

As disciplinas agrúpanse en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Dentro do bloque de disciplinas troncais cursaranse as seguintes áreas:

- Ciencias da natureza.
- Ciencias sociais.
- Lingua castelá e literatura.
- Matemáticas.
- Primeira lingua estranxeira.

Do bloque de disciplinas específica, os alumnos e alumnas de cuarto cursan as

seguintes áreas:

- a) Educación física.
- b) Relixión, ou valores sociais e cívicos
- c) Educación artística

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e alumnas cursarán a área de Lingua galega e literatura.

Finalmente no bloque de disciplinas de libre configuración adicarase ao reforzo de aprendizaxes indispensables.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo como resultado das experiencias de ensino aprendizaxe. Estes obxectivos deben ser traballados ao longo dos 6 niveis da Educación primaria.

Neste nivel traballaremos os seguintes obxectivos a través das áreas que esta programación plantexa:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e

a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modelos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como una actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Para a consecución destes obxectivos e competencias clave temos os contidos que son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e, como dicíamos, tamén a consecución das competencias clave.

No currículo estableceense os contidos para a consecución dos obxectivos e competencias clave dese 4º nivel de Educación primaria, estes quedarán

reflexados nos cadros das distintas áreas que aparecen a continuación.

Tamén neses cadros aparecen reflectidos os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxes avaliábeis que son os que permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que se concreta mediante accións o que o alumnado debe saber facer en cada área.

Estes contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxes aparecen relacionados cada un deles cos obxectivos e competencias aos que contribúen.

4. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS

- **Lingua castelá e literatura.**
- **Lingua galega e literatura.**
- **Ciencias da natureza.**
- **Ciencias sociais.**
- **Matemáticas.**
- **Educación plástica.**
- **Valores cívicos e sociais.**

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O ensino da área de Lingua Castelá e Literatura ao longo da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A área consta de 4 bloques que se traballarán de forma integrada ao longo do curso.

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

ÁREA		LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CU RS O	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación		Estándares de aprendizaxe	
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade. 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala nas producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes. 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ - diálogos ▪ -exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. 		

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. ▪ LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas en textos significativos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. ▪ LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. ▪ LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). ▪ LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos e preguntar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información. ▪ LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. ▪ LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.

			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes. LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto. LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos. LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Gusto pola lectura. B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.
<ul style="list-style-type: none"> b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo. LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.

			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Mostra interese por manter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
<ul style="list-style-type: none"> a e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade. LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.
<ul style="list-style-type: none"> e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades. B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais
--	---	---	---

			<p>e ortográficas básicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados. LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. B3.6. Realización de ditados. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.3.1. Pon interese e esforzase por escribir correctamente LCB3.3.2. Reproduce textos ditados.
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...) B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal. B3.9. Revisión e mellora do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.
<ul style="list-style-type: none"> b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.

			<ul style="list-style-type: none"> LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
<ul style="list-style-type: none"> a d e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> e i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.13. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. A palabra. A sílaba. Diptongos e hiatos. B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra. B4.3 Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados. LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos. LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.

	<p>palabra</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. ▪ B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituintes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. ▪ B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. ▪ LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. ▪ LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos. ▪ LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.3.1. Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso para buscar o significado de diferentes tipos palabras. ▪ LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. ▪ LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos. ▪ B4.9. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.4.1. Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita. ▪ LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. ▪ LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos. ▪ LCB4.4.5. Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos. ▪ LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.13. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.7.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. ▪ B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. ▪ B5.4. Identificación de recursos literarios ▪ B5.5. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.2.1. Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. ▪ LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Identificación de recursos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas ▪ LCB 5.3.1. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.5.1. Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB 5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais a lingua é vehicular na aprendizaxe de outras materias como Ciencias Naturais ou Ciencias Sociais polo que o dominio da mesma está directamente relacionado co desenvolvemento noutras áreas.

Organízase a través de 4 bloques que son os seguintes :

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

ÁREA		LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. ▪ LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates. 	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. ▪ LGB1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. ▪ LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume. ▪ LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. ▪ LGB1.6.2. Elaborar un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. ▪ LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. ▪ LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica. ▪ LGB1.12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ o 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. ▪ VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. ▪ VSCB1.4.3 Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.5.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación. ▪ VSCB1.5.2. Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. ▪ VSCB1.6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais. ▪ VSCB1.6.3. Define e formula claramente problemas de convivencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB.1.7.1. Sopesa as consecuencias das súas accións.

			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS			
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións. VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir. VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Empregar a aserción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.4.1. Expressa abertamente as propias ideas e opinións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais. ▪ VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. ▪ B2.8. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. ▪ VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9 As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social ▪ VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. ▪ VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta. ▪ VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. ▪ VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia. ▪ VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda. ▪ VSCB3.5.3. Razoas as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación. ▪ ▪ B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos. 	dereitos de nenos e nenas no contexto social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo. ▪ VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. ▪ VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.8.1. Aмосa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. ▪ VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais. ▪ VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ N 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.

LIBRE CONFIGURACIÓN (REFORZO)

Esta asignatura de libre configuración terá a duración de unha sesión á semana e nela incidirase no reforzo de aprendizaxes básicas que non se encontren afianzadas (lectura, expresión e comprensión escrita e oral, resolución de problemas...) e de acercamento ao traballo usando medios telemáticos, iniciándoos no uso da aula virtual e de ferramentas informáticas útiles para a súa posterior escolarización

5. TEMPORALIZACIÓN

Os obxectivos propostos para o cuarto nivel de Educación Primaria distribuiranse ao longo de tres trimestres. En cada trimestre incluiremos cinco unidades de cada unha das distintas áreas excepto de ciencias naturais e sociais que serán tres unidades, cun tempo estimado para cada unha de elas, dunha quincena.

Esto non quere dicir, que se é preciso adicar un tempo máis, non fagamos unha flexibilización da temporalización adaptandonos ao ritmo do alumnado.

As unidades didácticas están organizadas do seguinte xeito:

1º trimestre

Lingua Galega

Unidade 1: Día de mudanza

Unidade 2: Na cociña

Unidade 3: Estrea cinematográfica

Unidade 4: No laboratorio do colexio

Unidade 5: O club de lectura

Lingua Castelá

Unidade 1: En la montaña

Unidade 2: Como pez en el agua

Unidade 3: Una excursión

Unidade 4: Somos vecinos

Unidade 5: ¡Estamos bien!

Matemáticas

Unidade 1: Números hasta siete cifras

Unidade 2: Suma y resta

Unidade 3: Multiplicación y potencias

Unidade 4: División

Unidade 5: Práctica de la división

Ciencias Naturais

Unidade 1: A materia e os materiais

Unidade 2: As forzas e a enerxía

Unidade 3: As máquinas..

Ciencias Sociais

Unidade 1: O territorio de España e de Europa

Unidade 2: A poboación e as actividades económicas.

Unidade 3: Os tipos de paisaxe

2º Trimestre

Lingua Galega

Unidade 6: Preparamos o entroido

Unidade 7: Que dirección collemos?

Unidade 8: Polo camiño de Santiago

Unidade 9: Unha feira de tecnoloxía

Unidade 10: Marcha do día da bicicleta

Lingua Castelá

Unidade 6: Preparados, listos, ... ¡ya!

Unidade 7: Entre todos

Unidade 8: Nos ponemos el delantal

Unidade 9: ¡Que empiece la fiesta!

Unidade 10: ¡Qué aventura!

Matemáticas

Unidade 6: Fracciones

Unidade 7: Números decimales

Unidade 8: Suma, resta y multiplicación de decimales

Unidade 9: Tiempo y dinero

Unidade 10: Longitud

Ciencias Naturais

Unidade 4: As funcións vitais

Unidade 5: Coidamos a nosa saúde

Unidade 6: Os seres vivos.

Ciencias Sociais

Unidade 4: A prehistoria

Unidade 5: A Idade Antiga: os pobos prerromanos

Unidade 6: A Idade Antiga: a época romana.

3º Trimestre

Lingua Galega

Unidade 11: Un circo diferente

Unidade 12: Todos co planeta

Unidade 13: Viaxe en tren

Unidade 14: Xornada de ensaio

Unidade 15: Teatro na rúa

Lingua Castelá

Unidade 11: De compras

Unidade 12: En el laboratorio

Unidade 13: ¿A dónde vamos?

Unidade 14: ¡Cuánto tiempo!

Unidade 15: Cumplimos las normas

Matemáticas

Unidade 11: Capacidad y masa

Unidade 12: rectas y ángulos

Unidade 13: Polígonos

Unidade 14: Cuerpos geométricos

Unidade 15: Probabilidad y estadística

Ciencias Naturais

Unidade 7: As plantas

Unidade 8: Os animais vertebrados.

Unidade 9: Os animais invertebrados.

Ciencias Sociais

Unidade 7: As rochas e o relevo

Unidade 8: O tempo e o clima.

Unidade 9: As augas.

6. METODOLOXÍA

Tal e como se atopa recollido no Artigo 4 do Decreto 105, a metodoloxía didáctica defínese como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos plantexados. Así, na metodoloxía quedan agrupadas todas as decisións referidas a: os recursos didácticos e agrupamentos do alumnado, as opcións metodolóxicas que mellor se axusten aos contidos propios da área, o papel do profesorado e do alumnado, as técnicas didácticas e o emprego dos espazos e os tempos dispoñibles.

Neste apartado abordaranse os principios metodolóxicos que guiarán a práctica docente, fundamentados na fonte psicopedagóxica do currículo. Estes principios básicos de intervención educativa están enmarcados nunha concepción constructivista da aprendizaxe, destacando:

a. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado: o que esixe ter en conta as características do nivel evolutivo no que se atopa o alumnado, que determinan, en gran medida, as capacidades que ten, así como as súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe.

b. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas: para isto, o contido debe ser potencialmente significativo e o alumnado debe de mostrar unha actitude favorable para aprender significativamente, relacionando os novos contidos cos que xa sabe.

c. Lograr a autonomía do alumnado: trátase de que os alumnos e alumnas sexan capaces de aprender a aprender; polo tanto, débese prestar especial atención á adquisición de estratexias cognitivas, de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe.

d. Propiciar unha intensa actividade-interactividade por parte do alumnado: esta actividade consiste en establecer relacións ricas entre o novo contido e os esquemas de coñecemento xa existentes; traballando ademais, na zona de desenvolvemento próximo.

e. Introducir as ferramentas telemáticas na práctica de ensino aprendizaxe.

Debido a situación mundial na que nos atopamos inmersos a organización da aula será individual, aínda que se ó longo do curso esta situación sufrira modificacións organizaríanse en grupos de traballo cooperativos.

As actividades deseñadas responderán ás diferentes etapas do proceso educativo e serán variadas:

7. ACTIVIDADES

- **Actividades de introdución- motivación e coñecementos previos:** serven para introducir ao alumno no tema que se aborda e así coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais e, ao mesmo tempo, espertar e motivar ao alumnado cara a nova aprendizaxe.

- **Actividades de desenvolvemento:** son aquelas que cuestionan e amplían os coñecementos previos do alumnado, axudándolles a coñecer os novos conceptos, procedementos e actitudes.

- **Actividades de consolidación:** nas que se contrastan as novas ideas coas previas dos alumnos e alumnas, mentres se aplican as novas aprendizaxes, motivándoos para aprender.

- **Actividades de reforzo:** destinadas ao alumnado que non acade os coñecementos traballados, baseadas en contidos básicos e esenciais.

- **Actividades de ampliación:** aquelas que permiten seguir construíndo coñecementos para aqueles alumnos que realizaron con éxito as actividades de desenvolvemento.

- **Actividades conmemorativas e festas tradicionais:** traballadas durante todo o curso, tendo en conta a Orde de calendario correspondente.

Por último, en canto aos agrupamento, estes serán flexibles en todo momento

e responderán ao obxectivo e ao tipo de actividade que se leve a cabo pero terán sempre en conta as recomendacións sanitarias vixentes e axustaranse aos protocolos que a Cosellería de Educación estableza. Poderán ser os seguintes:

Traballo en gran grupo: toda a clase participa na actividade en cuestión, sendo especialmente útil para traballar en torno a actividades de avaliación inicial, a presentación dun tema, a determinación e regulación de normas de convivencia, comunicación de experiencias, debates, dramatizacións ou xogos.

Traballo individual: permite un maior grao de individualización, sendo especialmente útil para actividades de carácter máis memorístico e de afianzamento de conceptos.

O traballo en grupo estará condicionado polas normas sanitarias vixentes e as recomendacións da Consellería de Educación.

8. RECURSOS

Os recursos materiais caracterízanse pola súa variedade e o amplo abanico de posibilidades de uso, facilitando así o desenvolvemento das actividades formativas. Nesta liña, priorizarase que o alumnado empregue recursos da vida cotiá, das tecnoloxías e, moi especialmente, aqueles que posibiliten a atención á diversidade; entre os que destacan:

. **Material de área:** neste caso, empregáranse diversos materiais relacionados coa lingua como xogos de linguaxe, contos, álbumes ilustrados, pasatempos, textos continuos e discontinuos...

. **Materiais ambientais:** empregáranse diferentes tipos de material relacionado coa vida cotiá do alumnado e da súa familia (folletos, catálogos de publicidade, carteis, anuncios, etiquetas, horarios ou receitas), así como diferentes tipos de documentos e outros como envases, rimas, cancións...

. **Materiais audiovisuais e informáticos:** entre os que destacan a cámara fotográfica e/ou de vídeo, o proxector, equipos de vídeo e radio, televisión, reprodutor de CD e DVD, micrófonos, ordenador e pizarra dixital, entre outros.

. **Material funxible:** fai referencia a aquel material de uso común e diario na

aula como libros, lapis, goma, cadernos, folios, tesoiras, pegamento, cartolinas...

En canto aos recursos humanos, estes fan referencia ás persoas que interveñen co alumnado ao longo do curso, tendo en conta o catálogo actual de profesorado acordado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 8 de xuño de 2016, entre os que destacan: o profesor/a titor/a, os especialistas (linguas estranxeiras, educación física e música), o Departamento de Orientación (mestres de PT e AL como apoio para o alumnado con NEAE), as familias que estarán presentes en todo momento no proceso educativo dos seus fillos, persoal especializado que levará a cabo diversas propostas como contacontos, obradoiros.... os CFR e os Equipos de Orientación Específicos, entre outros.

Neste curso escolar cómpre ter a consideración a posibilidade dun **ensino non presencial** e sendo necesario levar a cabo unha ensinanza telemática empregaranse os seguintes recursos materiais:

- **Cisco Webex Meetings:** permite reunión na rede, elaborar e traballar con presentación, revisar documentos, compartir obxectos no escritorio... Esta ferramenta permitiranos realizar clases en línea cun grupo de alumnos.
- **Telegram:** aplicación de mensaxería instantánea que permitiría comunicarse coas familias de cada titoría, para enviar información.
- **AbalarMóbil:** aplicación de mensaxería instantánea que permitiría comunicarse coas familias de cada titoría, para enviar información.
- **Aula Virtual** da Consellería de Educación, onde se colgarán contidos e tarefas, se supervisarán e se reenviarán ao alumnado.
- **Correo electrónico.**

9. PROGRAMAS EDUCATIVOS

- Biblioteca escolar: a biblioteca escolar, que se atopa incluída no PLAMBE, é a encargada de establecer as liñas prioritarias do proxecto interdisciplinar de centro (Namorarte) e planificar as actividades en Radio Radiola, a radio do

noso colexio . Por outra parte, equipo de biblioteca propondrá actividades ao longo do curso escolar atendendo a determinadas celebracións como: Día do Libro, Semana da Prensa, Día da poesía...

-Educación dixital: no centro existe un equipo TIC que se ocupa de todos aqueles aspectos que teñan que ver coas novas tecnoloxías no centro. En canto á docencia neste aspecto, acudirase unha sesión semanal na aula de informática co titor/a como mínimo. Nesta sesión traballarase na aula virtual aspectos curriculares das diferentes materias.

-Tarefas extraescolares: ao longo do curso escolar o equipo de actividades extraescolares propondrá actividades facendo referencias ás conmemoracións de obrigado cumprimento tales como: Día da Paz, Día da Infancia, Día contra o Acoso Escolar, Día do Medio Ambiente.... Este tipo de tarefas tamén serán propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, atendendo a celebracións como o Entroido, o Samaín, Letras Galegas ...

10. PLAN DE CONVIVENCIA

No Plan de convivencia do Centro establécense unha serie de Normas de Organización e Funcionamento que pretenden definir un ambiente de relación e traballo entre os distintos membros da Comunidade Educativa. É tarefa de todo o profesorado velar polo seu cumprimento, aínda que a responsabilidade e potestade para efectuar as diferentes actuacións sancionadoras e preventivas, recae na figura do/a director/a.

Por outra parte, dispoñemos dunha aula de convivencia na que aqueles alumnos que non permiten que se desenvolva a actividade na aula con normalidade por condutas disrutivas, poidan acudir para reflexionar e, a continuación continuar alí o seu traballo.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Adaptarse ás características individuais de cada alumno/a, facendo reforzo educativo con aqueles que o precisen, así como actividades de ampliación.
- Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- Partindo dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.
- Adoptar organizacións flexibles dentro da aula.
- Flexibilizar os tempos de traballo.
- Elaborar plans de reforzo e/ou recuperación.

12. AVALIACIÓN

Seguindo o establecido no artigo 12 do Decreto 105, terase en conta que: "A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas". Destacan así:

- 1. Avaliación inicial:** Levarase a cabo ao comezo de cada unidade didáctica ou ao inicio dunha nova situación de aprendizaxe.
- 2. Avaliación procesual:** coa que se irá axustando a axuda educativa segundo a información que se vaia producindo, facilitaranos identificar posibles dificultades e poñer os medios para erradicalas.
- 3. Avaliación final:** constitúe a culminación do proceso; polo que permite o coñecemento do grao de aprendizaxe sinalado para cada alumno/a, e o punto de partida para unha nova intervención.

Técnicas, instrumentos e criterios de cualificación para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe presencial

Técnicas e Instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe		
Técnicas	Instrumentos	Momento
Observación Directa	Listas de control Rexistro anecdotario	En todo momento.
Revisión das Tareas	Guía e fichas de rexistro	Habitualmente.
Controis	Preguntas estruturadas	Ao final da fase de aprendizaxe.

Á hora de avaliar as áreas, ao rematar cada trimestre, teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- 1.- Consecución dos contidos propostos en cada momento. Este apartado aportaranos o 60% da nota global.
- 2.- Actitude e o comportamento dentro da aula mediante unha observación directa e diaria. Este apartada aportará un 10% da nota global.
- 3.- Traballo (Libreta, fichas ou outros materiais realizados polo alumnado) e participación de todas as propostas individuais e en equipo. Este apartado aportará un 30% da nota global.

Técnicas, instrumentos e criterios de cualificación para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe non presencial

Técnicas e Instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe.		
Técnicas	Instrumentos	Momento
Revisión das tarefas	Guía e fichas para o rexistro	Habitualmente.
Controis telemáticos orais /ou escritos.	Preguntas estruturadas escritas e/ou orais	Ao final da fase de aprendizaxe.

Así, os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para dita modalidade serán:

- | | |
|--|-----|
| - Realización e entrega das tarefas en prazo : | 60% |
| - Dominio dos contidos específicos da área: | 40% |

No caso de que ambos tipos de ensinanza: presencial e non presencial, sempre se terá en conta en maior proporción a nota a primeira. Neste caso, a ensinanza presencial suporá un 70% e a non presencial, un 30%, proporcionalmente á temporalización trimestral de unha delas.

En canto ás **notas numéricas** isto é o que recolle a avaliación: “A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior”.

Os **MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES** para a avaliación positiva de cada unha das materias:

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Emprega a linguaxe oral para comunicarse e aprender e participa activamente en situacións de comunicación na aula.
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
- Comprende de forma global a información de textos orais e escritos, selecciona as ideas principais e responde preguntas de noticias, contos...
- Utiliza de xeito guiado os medios as TICs para obter información.
- Memoriza e reproduce de memoria textos sinxelos: contos, cancións, adiviñas... e interpreta diferentes personaxes con xestos definitorios.
- Le en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos.

- Resume, respondendo a preguntas, diversos tipos de textos, identificando as palabras clave.
- Iníciase na utilización do diccionario.
- Escribe textos sinxelos con axuda: noticias, contos, narracións, anuncios, receitas...
- Respecta e utiliza con corrección as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
- Presenta os seus traballos con ortografía clara e limpeza.
- Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas, carteis publicitarios, anuncios, cómics...
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas.
- Utiliza con corrección os tempos verbais.
- Diferencia familia de palabras.
- Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas...
- Utiliza prefixos e sufixos para crear palabras derivadas.
- Recoñece a oración simple e distingue nela o suxeito e o predicado.
- Aplica as normas de concordancia.
- Aplica, con axuda, as normas de acentuación e os signos de puntuación correctamente.
- Valora os recursos literarios de tradición oral: poemas, cancións, refráns, adiviñas, contos...
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir de pautas.

MATEMÁTICAS

- Analiza, comprende e resolve problemas revisando os resultados e comprobando as distintas solucións.

- Le, escribe e ordena números ata 10.000 e fai series ascendentes e descendentes.
- Aproxima números á decena, centena e millar.
- Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das cifras.
- Memoriza a táboa de multiplicar para facer cálculo mental, contas e resolución de problemas e identifica os termos dunha multiplicación.
- Realiza cálculos numéricos e resolve problemas empregando a división dunha cifra e identifica os termos da mesma.
- Identifica as unidades do sistema métrico decimal: lonxitude, capacidade, masa ou peso, empregándoas para medir con diferentes instrumentos, elixindo a unidade máis axeitada.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa, en forma simple e compara e ordena as medidas dunha mesma magnitude.
- Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida e as medidas temporais máis usuais.
- Coñece o euro como moeda da Unión Europea e calcula múltiplos e submúltiplos do mesmo.
- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
- Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, esfera...).
- Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.

- Resolve problemas xeométricos que indiquen dominio dos contidos traballados.
- Constrúe táboas e gráficas con datos recollidos de situacións do seu contorno e interpreta outras gráficas de táboas extraendo a información explícita.

CIENCIAS NATURAIS

Coñece a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.

Recoñece os diferentes tipos de alimentos e sabe construír unha pirámide alimentaria.

Identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais segundo as mesmas.

Identifica e recoñece as características básicas das plantas e clasifícaaas.

Explica as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo.

Recoñece as fontes de enerxía e explica o seu uso na vida cotiá.

Coñece e identifica os diferentes estados da auga.

Explica coas súas palabras o ciclo da auga.

Coñece e emprega diferentes tipos de máquinas sinxelas.

Coñece e valora a importancia de coidar o medio e as accións coas que podemos colaborar.

CIENCIAS SOCIAIS

Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas.

Recoñecer as características principais do planeta Terra, os movementos e as súas consecuencias.

Recoñece as diferentes representacións da Terra (mapas, planisferios...) e é capaz de interpretalos usando signos convencionais básicos.

Coñece os fenómenos meteorolóxicos e explica de maneira sinxela como se producen.

Interpreta mapas do tempo sinxelos.

Coñece as tres grandes zonas climáticas mundiais e coñece algunha característica de cada unha.

Explica coas súas palabras o ciclo da auga.

Coñece os diferentes tipos de paisaxe e os seus elementos básicos.

Localiza nun mapa os diferentes elementos da paisaxe.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.

Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.

Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.

Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.

Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

PLÁSTICA

Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.

Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.

Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas dende diferentes ángulos e posicións.

Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude e diferenza.

Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.

Relaciona artistas coas obras máis representativas.

Utiliza cores e tonalidades manexando diferentes técnicas.

Emprega lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreado e acuarelas para a composición de obras.

Emprega o recorte e pega de materiais de diferentes texturas.

Fai composicións a partir do eixe de simetría.

Debuxa a figura humana coas proporcións adecuadas.

Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría e crea imaxes tridimensionais co recorte e pegado.

Realiza tarefas en grupo respetando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foron encomendadas.

Ademais, cómpre sinalar e establecer uns **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**, os cales quedan da seguinte maneira:

Seguindo a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

Segundo os criterios de promoción do centro:

1. Non promocionarán de nivel aqueles alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos en tres ou máis áreas.
2. Non promocionarán de nivel aqueles alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos mínimos en dúas das seguintes áreas: matemáticas e lingua e literatura galega ou matemáticas e lingua e literatura castelá. No caso de que non acade os obxectivos en so as dúas linguas si promocionarían.

Neste apartado de avaliación é necesario facer referencia aos denominados **PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN** que, de ser o caso, elaboraranse ao inicio de curso para aqueles alumnos ou alumnas con materias suspensas no curso anterior ou que permanecen un ano máis no mesmo nivel. Ditos programas deberán incluír un breve resumo da historia escolar e persal do alumno, as dificultades específicas, necesidades e medidaS que se tomarán.

Finalmente farase referencia a **AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**:

Avaliación da práctica docente

Ao longo do proceso tamén se realizará unha autoavaliación docente do proceso de ensino a través da reflexión. Os ámbitos que se avaliarán son: a preparación

das clases e dos materiais, a metodoloxía, a avaliación das aprendizaxes alcanzadas polo alumnado, a coordinación co resto de profesores, alumnado e familias, o clima de traballo na aula e a adecuación das medidas para a atención á diversidade.

Este proceso terá como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso.
- A partir dos datos obtidos, facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

Avaliación da programación

Para garantir unha educación de calidade é necesario realizar unha avaliación da programación, ademais, debemos ter en conta que esta é aberta e flexible. Os aspectos que se terán en conta para realizala son: a coherencia entre os diferentes elementos curriculares, o número de unidades didácticas, a secuenciación de contidos e determinar en que grao o alumnado alcanzou os obxectivos, desenvolveu as competencias e asimilou os contidos.

